



Abril 1994
TORNEASOCS.
Marketing, Imaxe
e Comunicación



Confederación Intersindical Galega

**Normativa Básica
de Identificación**
Marca Gráfica
e aplicacións



O mundo no que nos desenvolvemos é esencialmente comunicativo. Lembramos e polo tanto valoramos aquilo que recoñecemos e que se nos presenta nas mellores condicións para ser recoñecido.

Calquera institución cultural, social, económica ou sindical, denantes de comunicarse como entidade, debe ter conciencia deste proceso. Ten que formular os seus enunciados como organización e decidir aquilo que quere ou que non quere comunicar.

Actuar na sociedade implica adecuarse a unha situación actual concreta onde, cada vez máis, vanse asumindo os valores de Imaxe como un activo irrenunciábel para calquera institución.

Neste senso, unha boa Identificación Pública exige coñecer os resortes adecuados que garanten a efectividade no proceso comunicativo. A sistematización e normalización dos Signos básicos de Identidade e dos demais elementos, que configuran o repertorio de Identificación Visual, presentanse hoxe como un requisito indispensábel para xerar un estado positivo de opinión na sociedade e mesmo dentro da propia organización.

A presente publicación foi concibida como unha ferramenta de traballo fundamental para garantir un seguimento e control axeitado dos elementos gráficos que configuran a Identificación da Confederación Intersindical Galega (CIG).

O respecto as Normas que se amosan, contribuirá a construír e fortalecer unha Imaxe definida e unha percepción afectiva e efectiva do Sindicato.

Conxuntos de Identidade

A Marca da CIG poderá adoptar dous Conxuntos de Identidade (Modelos de Marca) que deben ser utilizados en función das necesidades de deseño e comunicación. Estes dous Conxuntos de Identidade tamén se poden utilizar en contratipo (negativados). O conxunto preferente de utilización será o Conxunto de Identidade A.



Confederación Intersindical Galega

Conxunto de Identidade A

Orixinais das Federacións para a súa reprodución


Nesta paxina se inclúen os orixinais de reprodución para as diferentes Federacións da Confederación Intersindical Galega. Na versión positivada as siglas CIG deberan imprimirse en vermello Pantone 200 e os textos e a liña en cor negra. Na versión negativada, as cores deberan de desglosarse e utilizarse como se representa.



Original dunha federación para a súa reprodución (negativado)



Cor vermella (Pantone 200)



Negro

Aplicacións da Marca de Identificación en Pancartas e Bandeiras

Os modelos oficiais de pancartas e bandeiras da CIG para levar en concentracións, manifestacións e actos públicos, serán os representados a continuación, dependendo dos casos e das preferencias dos organizadores. As dimensións terán que ser proporcionais aos deseños.



Pancarta Modelo A



Pancarta Modelo B




Pancarta Modelo C



Bandeira Oficial



Bandeira Alternativa



Bandeira Nacional



Pancarta cabeceira de manifestacion

Construción da Marca de Identificación Visual

A creación dunha Imaxe estábel exige que os elementos gráficos manteñan constante a súa distribución e proporción. O esquema amosa as pautas xerais de construción da Marca, indicando os módulos que definen a ubicación de cada elemento na retícula construtiva. Este sistema deberá ser utilizado cando non se poda recorrer a medios fotográficos ou fotomecánicos (rotulación de vallas, pancartas...). A sombra das siglas CIG só se utilizará cando se represente a Marca sobre fondos de cor (vermello, por exemplo).

Conxunto de Identidade A (logotipo máis longo)



Conxunto de Identidade B (logotipo máis curto)



Versións da Marca para as Federacións


Cando a Marca da CIG tena que representarse acompañada do nome dunha Federación Sindical integrada na organización, debera utilizarse o Conxunto de Identidade A adaptado as versións que se reproducen nesta paxina, coas características tipográficas e a distribución dos elementos que se amosan. Se fose criada unha nova Federación seguirase este mesmo procedemento compoñendo a nova denominación coa mesma distribución e características tipográficas. As versións poden ser utilizadas tamén en contratipo (negativadas e con sombra. Ver exemplo ao final da paxina). Admítese tamén a posibilidade de elaborar unha Marca propia naquelas federacións que o consideren oportuno respectando sempre a construción e as cores da Marca xenérica da CIG.

Nas seguintes páxinas amósanse varios exemplos de deseño e aplicación da Marca da CIG en impresos de frecuente utilización. Tamén se indica a distribución e ubicación da información e dos textos a tamaño real para facilitar a toma de referencias dimensionais.

As portadas desta publicación, eliminando os textos do ángulo superior dereito, poden ser utilizadas para a elaboración da carpeta oficial da CIG.



Sinalización Exterior en Fachada e Portal



Sinalización Interior en Porta de Oficinas

Aplicacións da Marca de Identificación Visual en Sinalización de Edificios

Na regulación de edificios e oficinas ten que utilizarse o sistema modular que se amosa, Este modulo denominado 1A e 1½ A ten que respectar sempre as dimensións proporcionais que se indican. Pode ser maior ou menor, pero sempre proporcional a este deseño. As medidas recomendadas para 1A e 1½ en Sinalización Exterior de fachadas serán de 1 metro e 1 metro e medio. Na Sinalización Interior e na Exterior de Portal serán de 50 cms. e de 75 cms. respectivamente.

Dependendo das dimensións das fachadas ou das paredes, os módulos poden engadirse como se indica nas representacións desta páxina.

Dependendo das dimensións das fachadas ou das paredes, os módulos poden engadirse como se indica nas



Sinalización Exterior Modular en Fachada (2 módulos)




Sinalización Exterior Modular en Fachada (3 módulos)



Os materiais a utilizar deben ser resistentes as condicións ambientais recomendándose o poliéster reforzado con fibra de vidro cando non se incorpore iluminaria e metacrilato traslucido cando leven caixa de luz.

O sistema de reprodución da marca, dos textos e das masas de cor sera serigrafía ou vinilo adhesivo resistente ao exterior.

Sinalización Interior Modular en Porta de Oficinas (3 e 2 módulos)



Sinalización Exterior Modular en Portal (2 modelos de 1 modulo)

Tipografías e Cores

As tipografías e as cores, xunto coa Marca, forman parte dun conxunto de elementos gráficos que organizados de forma concreta constitúen as constantes de identificación dunha organización. As tipografías constitúen uns elementos fortemente caracterizadores na Identidade Visual da CIG.

A tipografía principal elixida para formar o logotipo da Confederación Intersindical Galega, é a Helvética Condensada negra. Como tipografías complementarias poderanse utilizar todos os estilos da Helvética Condensada que se amosan nesta paxina.

As cores, son un elemento clave a hora de definir a Identidade Visual, por este motivo e da máxima importancia un emprego coherente das mesmas. As cores principais da CIG serán o vermello Pantone 200, o negro e o branco. As cores complementarias serán todos os matices do negro e do vermello Pantone 200 con preferencia para o matiz do 30% de negro

Tamen se considera unha cor corporativa o amarelo Pantone 123, que se aplicara exclusivamente na bandeira oficial da CIG.

Helvetica Condensada Fina - **Swis 721 Lt Cn**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
 ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZQ 1234567890
 &?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada Fina Cursiva - **Swis 721 Lt Cn Italic**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZG
1234567890&?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada - **Swis 721 Lt Cn**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
 ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZQ
 1234567890 &?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada Cursiva - **Swis 721 Cn Italic**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZG
1234567890&?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada Negra - **Swis 721 Cn Bold**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZQ
1234567890 &?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada Negra Cursiva - **Swis 721 Cn Bold Italic**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZG
1234567890&?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada Extra Negra - **Helvetica LT Cond Black**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZQ
1234567890 &?!\$% (,;,:)

Helvetica Condensada Extra Negra cursiva - **Helvetica LT Cond Black Italic**

abcdefghijklmnopqrstuvwxygz
ABCDEFGHIJKLMNOPQRSTUVWXYZG
1234567890&?!\$% (,;,:)


Pantone 200



Negro



Branco



Pantone 123





Confederación Intersindical Galega

SEDE CENTRAL

Rúa, praza, número e andar.
Prefixo, teléfono.
Código postal, cidade e país



Confederación Intersindical Galega

NOME FEDERACIÓN

Rúa, praza, número e andar.
Prefixo, teléfono.
Código postal, cidade e país



Confederación Intersindical Galega

SEDE CENTRAL

Nome e dous apelidos
Cargo organizativo
Rúa, praza, número e andar. Prefixo, teléfono.
Código postal, cidade e país

Tarxeta de presentación



Confederación Intersindical Galega

SEDE CENTRAL

Rúa, praza, número e andar.
Prefixo, teléfono.
Código postal, cidade e país



Confederación Intersindical Galega

SEDE CENTRAL

Rúa, praza, número e andar.
Prefixo, teléfono.
Código postal, cidade e país

Sobre

Sobre



Confederación Intersindical Galega

NOME FEDERACIÓN

Nome e dous apelidos
Cargo organizativo
Rúa, praza, número e andar. Prefixo, teléfono.
Código postal, cidade e país

Tarxeta Federation ou Organization